



E-Dixgal. Cálculos na avaliación de Moodle

## 1. Introducción

Nesta práctica estudaremos como introducir fórmulas na avaliación Moodle no EVA E-Dixgal. As fórmulas propician moita flexibilidade á hora de configurar un informe de avaliación. Neste exemplo configuraremos o libro de cualificacións para ter en conta a nota de recuperación.

## 2. Creación dun curso

- Ir ao fondo da páxina principal e premer no botón "Engadir unha nova materia"

Engadir unha nova materia

- Engadimos nome completo e nome curto (este último non pode coincidir con outro dun curso do evaformación)

### ▼ Xeral

Nome completo da materia	 	<input type="text" value="Formación edixgal"/>
Nome curto da materia	 	<input type="text" value="Formación edixgal"/>

- E clic en gardar e presentar
- Escollemos a materia (bloque na columna da dereita)

### Atopar recursos


Materia do catálogo

IESO - Matemáticas

Cambiar

[Busca avanzada?](#)

### 3. Matricular os usuarios



- Clic en matricular usuarios

Matricular usuarios

- Procuramos os alumnos segundo o código do curso, por exemplo: "c2002171", e seleccionamos os alumnos que consideremos
- Finalmente clic en Matricular usuarios

Matricular usuarios ×

---

Opcións de matriculación

Escooller usuarios

Asignar rol

[Amosar máis](#)

---

- Matriculamos 3 alumnos


### 4. Configuración da avaliación

Para simplificar este manual, importaremos ao curso creado unha copia dun curso en branco coa avaliación xa configurada.


- Descargamos a seguinte copia de seguridade dun curso mestre

<https://blog.atio.es/sites/blog/files/inline-images/aval/avaliaci%C3%B3n.mbz>



- Clic en Restaurar



- Seleccionamos o ficheiro e clic en Restaurar novamente.




- Clic en continuar
- Baixamos ata atopar o seguinte cadro:




- Neste caso, a ao non ter configurada previamente a avaliación, escollemos a opción de "Fusionar a copia..."
- Clic en continuar, e pasamos a seguinte páxina
- Clic en seguinte

- Clic en Restaurar
- Se pinchamos en Cualificación >Máis >Modo avanzado, podemos visualizar a avaliación xa configurada



E visualizamos o libro de cualificacións:




## 5. Introducir os novos elementos de cualificación

1. No caso que saíramos da pantalla de Axustes do libro de cualificacións, pinchamos en cualificacións



2. Clic en Máis >Modo avanzado



- Dirixímonos ó fondo da páxina e pinchamos en Engadir un elemento de cualificación

Engadir un elemento de cualificación

- Engadimos un elemento para introducir a nota do exame de recuperación, por exemplo "REC 1 AVAL". A puntuación máxima configurámola a 10. Gardamos os cambios.

#### ▼ Elemento de cualificación

Nome do elemento

[Amosar máis](#)

Tipo de cualificación

Escala

Puntuación máxima

Cualificación mínima

Agochado

Bloqueado

- E inserimos outro elemento de cualificación para calcular a nota final, por exemplo co nome "XADE 1 AVAL". Configuramos do mesmo xeito a puntuación máxima. Gardamos os cambios.

#### ▼ Elemento de cualificación

Nome do elemento

[Amosar máis](#)

Tipo de cualificación

Escala

Puntuación máxima

Cualificación mínima

Agochado

Bloqueado

- Movemos os dous elementos desde o final do informe de cualificación, ata colocalos despois de Total Avaliación 1

☒ Total Trabajo e actitude 1t Media ponderada de cualificacións.	10,00	Editar ▼
☒ Total Avaliación 1 Media de cualificacións.	10,00	Editar ▼
☒ REC 1 AVAL	10,00	Editar ▼ ☐
☒ XADE 1 TRIMESTRE	10,00	Editar ▼ ☐

- Gardamos os cambios

## 6. Inserimos as notas dos alumnos

1. Dentro do modo avanzado de avaliación, seleccionamos Informe de cualificador e activamos a edición

Informe do cualificador

2. Neste exemplo, ao primeiro e segundo alumno imos darlle unhas notas moi baixas no exame e no apartado de traballo e actitude e polo tanto obtén unha cualificación insuficiente para aprobar. Sen embargo ao alumno 3 asignarémolle unhas notas altas para que obteña unha avaliación positiva e polo tanto, non teña que facer a recuperación.

IT _ Exame 01	IT _ Exame 02	IT _ Exame 03
1,00	2,00	1,00
2,00	4,00	3,00
7,00	8,00	5,00
3,33	4,67	3,00

Antes de minimizar a categoría exames para cubrir o de traballo e actitude debemos gardar os cambios

IT _Traballo de investig...	IT _Actitude na clase	IT _Realización das tare...
1,00	2,00	3,00
3,00	5,00	3,00
6,00	7,00	8,00
3,33	4,67	4,67

3. Se nos diriximos á columna Total Avaliación, xa podemos observar as notas de avaliación, que son calculadas automaticamente polo sistema.

Total Avaliación 1
1,58
3,25
6,88
3,90

4. Como podemos ver, o alumno 1 ten de nota final un 1.58, o segundo alumno un 3.25 e o terceiro un 6.88
5. Introducimos as notas de recuperación. O primeiro alumno aproba a recuperación, o segundo saca unha nota inferior á que obtivera na avaliación e o terceiro non fai a recuperación, pois xa a tiña aprobada anteriormente.

REC 1 AVAL
6,00
2,00
4,00

## 7. Introducimos as fórmulas para o cálculo

Para introducir as fórmulas, podemos facelo desde o libro de cualificacións ou desde o informe do cualificador. Neste exemplo imos facelo desde o informe.

1. Clic no Informe do cualificador


Informe do cualificador

Na cela do primeiro alumno cumprimentámola cun 6,00 e ao segundo cun 2,00. O terceiro, como xa aprobou a avaliación, deixamos o espazo en branco.



REC 1 AVAL	6,00
	2,00
	-

E de seguido pinchamos na icona da calculadora na columna seguinte, na de XADE 1 TRIMESTRE




- Co obxectivo de non manexar variables con nomes tan longos nas fórmulas podemos configuralos cuns alias ou ID máis curtas. Neste caso asignámoslle 1AV ao elemento Total da categoría e REC1AV a elemento REC 1 AVAL. Neste exemplo serán as únicas variables que empregaremos nas fórmulas.

No caso de que non se visualice a icona da calculadora no informe de cualificación despois de activar a edición, podemos activalo en Preferencias Informe do cualificador.

## Números ID

- **Modelo avaliación copia 1**
  - Total da materia
  - **Avaliación 1**
    - Total da categoría: **[[1AV]]**
      - **Exames It**
        - Total da categoría
        - IT \_ Exame 01
        - IT \_ Exame 02
        - IT \_ Exame 03
      - **Traballo e actitude It**
        - Total da categoría
        - IT \_ Traballo de investigación
        - IT \_ Actitude na clase
        - IT \_ Realización das tarefas
    - REC 1 AVAL: **[[REC1AV]]**
    - XADE 1 TRIMESTRE



- E engadimos a seguinte fórmula:

`=if([[REC1AV]];if([[REC1AV]]>[[1AV]];[[REC1AV]];[[1AV]]);[[1AV]])`

Vexamos o significado da fórmula:

- Comezamos cun if, polo tanto unha condicional
- `=if([[REC1AV]];`  
Se existe un valor na cela de recuperación, é dicir, se un alumno fixo a recuperación, calcula o seguinte:

- `if([[REC1AV]]>[[1AV]];[[REC1AV]];[[1AV]]);` Comproba se a nota da recuperación é superior á da avaliación. No caso de selo, o alumno recupera a avaliación e a nota que aparece na cela **XADE1TRIMESTRE**, é a de recuperación `[[REC1AV]]`. Sen embargo se a nota que obtén na recuperación é inferior á de avaliación, imprime a nota de avaliación `[[1AV]]` e non a da recuperación
- E xa por último, se o alumno non fixo a recuperación, é dicir non se cumpre `if([[REC1AV]]);` significa que está aprobado e polo tanto a nota na columna **XADE1TRIMESTRE** é a de avaliación `[[1AV]]`

4. E ao gardar os cambios, xa podemos visualizar os resultados, quedando do seguinte xeito:

Total Avaliación 1	REC 1 AVAL	XADE 1 TRIMESTRE
1,58	6,00	6,00
3,25	2,00	3,25
6,88		6,88
3,90	4,00	5,38

- No caso do alumno 1 tiña unha nota de avaliación dun 1,58. Recupera con un 6, polo que a nota final queda nun 6.00
- O alumno 2, tiña un 3,25 na nota de avaliación. Na recuperación obtén un 2, unha nota inferior á que acadara na avaliación. Na nota final quedalle un 3.25.
- E por último, o alumno 3 tiña unha nota de avaliación dun 6.88 e non se presenta á recuperación e polo tanto mantense a nota acadada, o 6.88.